

## D E F I N I C I Ó N

O Forum Europeo de Administradores da Educación de Galicia (FEAE-G) defínese como un lugar de encontro no que se citan aqueles profesionais da educación con inquietudes e ganas de compartir reflexións e experiencias sobre os retos educativos actuais.

## F I N A L I D A D E S

As finalidades do Forum, recollidas nos estatutos, son as seguintes:

- Provomover a reflexión e formación de grupos de traballo sobre a educación, orientación e administración educativa.
- Establecer e desenvolver contactos entre persoas e entidades interesadas en materia de xestión e administración educativa.
- Facilitar o intercambio de información, experiencias e investigación educativa no ámbito do Forum de Galicia, entre a Federación de Forums Autonómicos e entre os países europeos interesados.
- Manter vínculos con Organizacións Internacionais con obxectivos similares.
- Participar en actuacións dirixidas a impulsar a renovación pedagóxica e a mellora da calidade do ensino.

## P A R T I C I P A C I Ó N

No Fórum poden participar, a título individual, os profesionais relacionados coa educación e o estudio e desenvolvemento da administración educativa.

## A C T U A C I Ó N E O R G A N I Z A C I Ó N

A actuación e organización do FEAE desenvólvese en tres ámbitos: autonómico, estatal e europeo.

No ámbito autonómico cada Forum organiza grupos de traballo, xornadas, visitas, tertulias, conferencias, almozos ou cenas-coloquio sobre temas de interese e actualidade educativa suscitados polos socios.

No ámbito estatal realízanse actividades como a edición bimestral da revista "Organización y Gestión Educativa"; e a organización anual das Xornadas Estatais por parte do Fórum Autonómico que o solicite.

O Forum Europeo agrupa a 22 países. Entre as súas actividades figuran os encontros internacionais e os intercambios sobre experiencias interdisciplinares en centros educativos europeos.

## P U B L I C A C I Ó N S

O FEAE publica a revista "Organización y Gestión Educativa" e participa na edición europea de Newsletter, revista electrónica de temas educativos. A nosa páxina web é <http://www.feaegalicia.org>

# B O L E T Í N D E I N S C R I C I Ó N

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_  
Enderezo \_\_\_\_\_ Teléfono \_\_\_\_\_  
Localidade \_\_\_\_\_ Código Postal \_\_\_\_\_  
Concello \_\_\_\_\_ Provincia \_\_\_\_\_  
Correo electrónico \_\_\_\_\_  
Centro de traballo \_\_\_\_\_

Sinatura

SOLICITA ser dado de alta como socio (1) no FÓRUM EUROPEO DE ADMINISTRADORES DA EDUCACIÓN DE GALICIA.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(1) Cota anual: 40 € euros con dereito á recepción da revista bimensual "Organización y Gestión Educativa".

